

Colexio Divino Salvador

Folleto

Informativo

Comedor





O comedor escolar do Colexio Divino Salvador comenzou a funcionar de xeito ininterrompido fai 20 anos, aproximadamente. Dispón dunha cociña propia onde se elabora a comida diariamente por persoal especializado. Anexo e, separado da cociña está a zona do comedor. O persoal da cociña é quen de servir a comida ós rapaces que, ademais son vixiados por cuidadores e profesores

Os menús son elaborados polo propio centro coa supervisión dun especialista en dietética e nutrición. Os menús constan de dous pratos, postre e leite e se elaboran menús especiais no caso de necesidades médicas.

Asemesmo cúmprese coa normativa APPCC (Análise de puntos críticos) que vixia o cumprimento de normas de seguridade e hixiene.



Este folleto informativo contén toda a información necesaria sobre distintos aspectos do comedor escolar do colexio Divino Salvador: normas de funcionamento, menús, actividades....etc, Rogamos por todo isto que o conserveis durante todo o curso e o teñades sempre a man.

Se despois da lectura deste folleto, ou durante todo o curso, algún pai/nai tivera algunha dúbida ou consulta poderá dirixirse á responsable do comedor Rosana Toyos, pedindo cita con anterioridade na secretaría do colexio.

RECOMENDACIÓNS XERAIS

1. A nosa filosofía..? Alimentar educando a comer de todos os alimentos.
2. Complementar na casa a alimentación do seu fillo tendo en conta os menús do comedor.
3. Ensinalos a ser autónomos en hábitos de cepillado de dentes e aseo.
4. No caso de nenos de Ed. Infantil, debemos comprender que, nos primeiros días, o proceso require unha adaptación, e que é normal que choren e non queiran ir ao comedor.
5. Ensinalos a ser autónomos e a comportarse axeitadamente á hora de comer.

¿A QUÉ HORA COMEN?

1. Nos meses de Setembro e Xuño todos os alumnos comen as 14h.
2. Nos meses de Outubro a Maio comerán nas seguintes quendas:

| QUENDAS | CURSOS | HORARIOS |
|----------|------------------------------|----------|
| 1º TURNO | INFANTIL | 12:30 |
| 2º TURNO | 1º PRIMARIA A 4º PRIMARIA | 13:00 |
| 3º TURNO | 5º PRIMARIA A ESO | 14:00 |

¿DONDE COMEN?

- ✓ Os nenos de 2 anos comerán na escola infantil.
- ✓ Os nenos de 3, 4 e 5 anos, Primaria e ESO comerán no comedor do colexio nos turnos antes mencionados.

¿QUEN OS ATENDE NA HORA DE COMER?

Os rapaces estarán atendidos por diferentes coidadoras e profesores.

¿CÓMO DEBO INFORMARME DA MARCHA DO MEU FILLO NO COMEDOR?

- **Infantil. (2, 3, 4 e 5 anos)**

A información sobre aspectos do comedor sempre a dará a titora do seu fillo que recibe, á súa vez, a información das coidadoras. De cando en vez, os nenos máis pequenos levarán á casa unha nota onde se informa de cómo evoluciona o neno. Para recibir unha información máis ampla é imprescindible avisar, cando se pida cita coa titora, que tamén queremos recibir información do comedor. **Se o colexio non se pon en contacto coas familias é que o neno se adapta, come ben e non hai ningunha incidencia.** En caso contrario (non comeu nada, vómitos, etc...) mandaráselles unha nota mediante o neno/a informando do acontecido nese día ou concertando cita se fose necesario.

- **Primaria e ESO.**

Pediremos cita en secretaría para falar con Rosana Toyos indicando previamente que é para recibir información sobre o comedor.

DIETAS ESPECIAIS, ALERXIAS ALIMENTARIAS E MEDICAMENTOS.

No caso de que o meu fillo, por prescripción médica, deba levar unha **dieta especial**, debemos **comunicalo sempre e entregar un informe médico na secretaría**. **Non se farán menús alternativos sen informe médico**.

O mesmo no caso de **alerxias** a alimentos de calquera tipo.

Os medicamentos que debe tomar o neno deben ser os imprescindibles e a coidadora/profesora os subministrará se están ben sinalados e por escrito co nome do neno, a cantidade ou dose e a hora da toma. No caso de dúbida non se lle dará o medicamento.



HÁBITOS HIXIÉNICOS.

- **INFANTIL / PRIMARIA.**

Os rapaces terán un **mandilón** para o comedor. Levarano posto durante a comida e ata a hora de entrada na clase pola tarde. Despois de comer as coidadoras acompañarán ós rapaces a lavarse e asearse.

Como medida de prevención, evitaremos o cepillado de dentes en Infantil e Primaria.

- **ESO**

Poderán traer su neceser e guardalo no colexio.

ORGANIZACIÓN DO TEMPO DESPOIS DE XANTAR.

Os nenos de 2 e 3 anos dormirán a sesta na Escola Infantil.

O resto dos alumnos poderán optar ás actividades extraescolares ofertadas polo colexio. Os nenos que non realicen ningunha actividade poden xogar no patio ou utilizar a biblioteca para estudar. Tanto no patio como na biblioteca haberá coidadores ou profesores.

NORMAS DE CONVIVENCIA NO COMEDOR.

- ✓ Non se servirán nunca menús alternativos salvo en caso de enfermidade xustificada. Sí será posible a variedade dentro dalgúns pratos.
- ✓ NUNCA SE DEBE ENTRAR NA COCIÑA.
- ✓ Deben esperar sentados a que se terminen de servir todos os pratos, postre e leite.
- ✓ Non nos levantaremos ata que terminemos de xantar.
- ✓ Cando saio debo deixar o meu sitio limpo e a silla recollida.
- ✓ Cando estamos comendo debemos manter un tono de voz baixo para non molestarnos uns os outros co ruído.
- ✓ Ter modales correctos na mesa.
- ✓ Se queremos que nos sirvan máis comida levantaremos a man. Debemos ser moi respetuosos coas persoas que nos serven.
- ✓ Se algún día non se quedase no comedor debe avisar previamente por escrito o chamando ó colexio.
- ✓ **En caso de mala actitude será amonestado. Se os malos modos continúen podería ser excluído deste servizo, temporal ou definitivamente. (De todas estas sancións se avisa ós pais a través da axenda escolar ou chamando a casa).**

MENÚS.

Os menús distribúense en menús mensuais.